

ASISTENTES

Abelleira Acebedo, Pablo
Alberte Pivida, Rodrigo
Alejo Flores, Irene
Alonso Álvarez, Adrián
Alonso Crespo, M^a Victoria
Alonso Gómez, J. Lorenzo
Alonso Prieto, Elena
Álvarez Villamarín, J.Carlos
Andión Rodríguez, M^a Nuria
Araujo Araujo, Pilar Aurora
Area Carracedo, Iván Carlos
Barbudo Sampedro, Aitor
Barreiro Campo, Íñigo
Barreiro Crespo, J. Manuel
Bernabeu Tello, Ana María
Blanco Sierra, Javier
Bolaño García, Sandra
Bríngas López, Ana María
Caamaño Martínez, J.Carlos
Caeiro Rodríguez, Manuel
Casal Guisande, Manuel
Casal Lago, Fernando
Castro Álvarez, Raquel
Cebro Rodríguez, Xoán
Chapela López, Sergio
Coego Pérez, Marina
Comesaña Benavides, José Antonio
Corbacho Valencia, Manuel
Couto Darriba, Jesús
Crespo Domínguez, Miguel Ángel
Cruz González, Montserrat
Cuevas Alonso, Miguel
Currás Valle, Consuelo
Davila Segade, Ruth
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Dios Parada, Ana María
Domínguez Blanco Santiago
Doval Ruiz, María Isabel
Durán Barbosa, Rafael
Esparís Matanza, Santiago
Estévez Orge, Marcos
Fariña Rivera, Francisca
Fernández Barciela, Mónica
Fernández Fdez., Federico
Fernández González, María
Fernández Rodicio, Clara
Fernández Simoes, Miguel
Fernández Souto, Ana Belén
Fernández Villarino, M^a de los Ángeles
Gándara Pérez, J. Antonio
García Estévez, José Manuel
García García, Óscar
Garrido Campos, Julio
Garrido García, Rosalía
Garrote Velasco, Gil
Goicoechea Castaño, Iciar
Gómez Clemente, Xosé M^a
González Penín, Ana Isabel
González Vázquez, Adriana
González Ventura, Diego
Grande Seara, Pablo
Graña Sánchez, Andrés Lois
Hernández Sánchez, Jesús
Hervés Estévez, Javier
Iglesias Allica, Malena
Iglesias Prado, José Ignacio
Izquierdo Belmonte, Pablo
Lago Ferreiro, Alfonso
Lameiro Diéguez, Remedios
Lantarón Caeiro, Eva María
Lesmes Romero, Yolnada
Lima González, Estela
Liste Fernández, Araceli Mercedes
Liz Marzán, Eduardo
López Ardao, José Carlos
López Bravo, Cristina
López Escobar, Juan José
López Lago, Marcos
López Mira, Álvaro Xosé

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 7 de outubro de dous mil vinte e dous, convocada para ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no Paraninfo da Universidade de Vigo e na Sala 29 do Campus Remoto.

Ás 10:00 h do día **7 de outubro de 2022** deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria, do 17 de decembro de 2021, e extraordinaria do 6 de abril de 2022.
2. Informe do reitor.
3. Informe sobre a programación plurianual.
4. Acordo, se procede, sobre a modificación do nome da Universidade de Vigo publicado na versión en castelán dos Estatutos no DOG.
5. Aprobación, se procede, da normativa de creación da Escola de Posgrao da Universidade de Vigo e da correspondente proposta ao Consello de Goberno.
6. Aprobación, se procede, do informe sobre a creación do Instituto Universitario de Física e Ciencias Aeroespaciais, para a súa elevación ao Consello de Goberno.
7. Aprobación, se procede, do informe sobre o cambio de denominación da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.
8. Debate sobre a bolsa de recoñecementos docentes e aprobación, se procede, dunha comisión de traballo.
9. Debate sobre o código ético e a normativa de convivencia así como aprobación, se procede, dunha comisión de traballo.
10. Informe sobre a transparencia na Universidade de Vigo correspondente ao ano 2021.
11. Elección dos membros da comisión de traballo para o impulso ao Manual de Boas Prácticas⁽²⁾: 1 decanos/directores de centro, 1 PAS e 5 estudantes.
12. Elección de membros da Comisión redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado⁽²⁾:
 - a. 2 estudantes (ámbito e campus)
 - b. 5 PAS
13. Elección de membros da Comisión Electoral⁽²⁾:
 - a. 1 estudante
 - b. 2 PAS.
14. Elección de membros da Comisión de Reclamacións⁽²⁾: 2 vacantes (catedráticas/os de Universidade)
15. Elección de membros nos Consellos de Campus⁽²⁾:
 - a. Pontevedra: 3 estudantes
 - b. Ourense: 3 PDI e 3 estudantes

López Rubianes, Lucrecia
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Losada Barreiro, Sonia
Loureiro Muíño, Alba
Macías Cambra, Henrique
Maciñeiras Otero, Carmen
Mangana Molina, Ana
Marcet Miramontes, Purificación
Martínez Arribas, Fernando
Martínez Cardeña, María
Martínez Martín, María José
Martínez Piñeiro, Manuel
Mejuto Fernández, J. Carlos
Méndez Reboredo, J Ramón
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Michinel Álvarez, M. Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mociño González, Isabel
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Moreno Mújica, Valeria Valentina
Moure Rodríguez, M^a. José
Nieto Palmeiro, Oscar
Nombela Castaño, M. Angel
Novo Ramos, Bernardino
Nóvoa Rodríguez, Ramón
Otero Cerdeira, Lorena
Otero Otero, Blanca
Pardo Froján, Juan Enrique
Patiño Vilas, David
Paz Penín, Concepción
Pena Corbacho, Francisco
Peña Gallego, M^a. Ángele
Pereira Lorenzo, Nemesio
Pereira Rodríguez, Ana M^a.
Pérez Cota, Manuel
Pérez Diz, Angel Eduardo
Pérez García, Uxia
Pérez Juste, Ignacio
Pérez Rodríguez, M. Rosa
Pérez Vázquez, Consuelo
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Rey Fraile, Manuel Ángel
Río Otero, Coral Del
Riobóo Lois, Alexo Breogán
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rivas Ferreiro, Mauro
Rivera Vázquez, Noelia
Rivo López, Elena
Rodríguez Daponte, Rocío
Rodríguez Hernández, Cándido
Rodríguez Míguez, Eva M^a
Rodríguez Rajo, Fco. Javier
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ron Fernández, Alvaro Francisco
Sáez Oejo, José Luis
Sánchez Moreiras, Adela
Sánchez Sello, Fco. Javier
Siota Álvarez, Mónica
Solla Carracelas, Mercedes
Soto González, Mercedes
Suárez Martínez, Agustín
Surís Regueiro, Juan Carlos
Torres Romay, Emma
Valderrama Santomé, Mónica
Valebona Refojos, Manuel
Vaquero García, Alberto
Varela Casal, Cristina
Vázquez Alonso, Aroa
Vázquez Vicente, Xosé Henrique
Velasco Graña, M^a Rita
Vicente Simal, Iván
Vidal Vázquez, Iván Manuel
Villanueva Villar, Mónica
Yáñez Bouza, Nuria

16. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinarias do 17 de decembro de 2021, e extraordinaria do 6 de abril de 2022.

O reitor sinala que as actas foron enviadas aos membros do anterior claustro en non se fixeron observacións. Propón que se aproben por asentimento.

Apróbanse as actas por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- **Equipo xerencial e persoas adxuntas ao reitor.** Dotámonos dunha estrutura complexa para abordar a mudanza da nosa administración e da nosa xestión. Os retos principais son: mudar os sistemas informáticos, organizar os procedementos ou informatizar a xestión. Como exemplo: a mudanza de Xescampus a Sigma. Xerenta: Yolanda Lesmes Romero. Vicexerenta de Asuntos Económicos: Mercedes Carracedo. Vicexerenta de Coordinación Académica: Cristina Gallego. Vicexerente de Investigación: Anxo Moreiras. Vicexerente de Recursos Humanos: Ángel Nieto. O reitor expón a estrutura das distintas vicexerencias, así como o equipo director, o comité de seguimento e o equipo de traballo (que dirixirá Cristina Gallego) que se encargará da implantación de SIGMA. Asemade, sinala as persoas adxuntas: adxunta ao reitor para os procedementos de contratación e modernización administrativa: Patricia Valcárcel. Adxunto ao reitor para a dixitalización: José Pazos. Adxunto ao reitor para as enerxías renovables e infraestruturas: Jacobo Porteiro. Posiblemente, os retos que requirirán atención prioritaria son: modernización administrativa (procedementos e informatización) e desenvolvemento da nova RPT.
- **A folla de ruta para a modernización administrativa** levará tres anos, previsiblemente:
 - 2022: Concurso para que unha empresa externa estude os 200 procesos máis importantes. Establecemento dun procedemento de medida das cargas de traballo. Acordo sobre o teletraballo.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Bouza Rodríguez, J. Benito
Cuiñas Gómez, Iñigo
Diz Folgar, Manuel
Fernández Prieto, Marta
Gallardo Medina, Mercedes
Nóvoa Fernández, Yolanda
Reboiro Jato, Miguel
Rodríguez Guerra, Alexandre
Seijas Montero, María
Torres Pérez, Francisco José
Vázquez Otero, M^a Elsa

- 2023: Listaxe tentativa de novos servizos (por exemplo, na biblioteca xa hai algúns avances). Estudo pormenorizado de cargas de traballo reais.
- 2024: Establecemento dunha primeira proposta para a negociación. Prazas para extinguir, novo sistema de cubrición de xefaturas, reordenación das áreas de apoio, apoio aos campus... Novos servizos, informatización de vicerreitorías e unidades, nova biblioteca.

- **Medidas de aforro enerxético para o curso 2023/24 (plan SUDI):** racionalización de horarios (horario típico europeo); mellora da conciliación; carácter voluntario para cada centro. O reitor detalla as medidas urxentes que se tomarían, enmarcadas no seu contexto, e sinala as medidas estruturais a longo prazo que se debaterán. Remarca o contexto do gas natural e a súa compra pola UVigo, a través de Redexga, nos orzamentos do 2021 e 2022 entendendo que foi unha boa operación, malia que o prezo está a incrementarse. Comenta así mesmo o contexto da electricidade, remontándose a 1998, onde se advirte a suba do prezo no último ano, relacionada coa crise enerxética, aínda que o consumo mantense máis ou menos estable (en torno a 12.5 millóns de kw/hora cada ano). O custo da electricidade pode multiplicarse por dous ou incluso tres. O reitor fai cunha referencia aos obxectivos do plan, de redución entre o 25 e o 30% do consumo de enerxía.

MEDIDAS DE AFORRO ENERXÉTICO (EIXE DE ACCIÓN)

Calefacción

- O aceso realizarase a partir do 1 de novembro e unicamente nos días cuxa previsión meteorolóxica cumpra as condicións detalladas máis abaixo. O seu uso non se estenderá máis aló do 15 de abril.
En todo caso, a calefacción manterase acesa todo o tempo necesario nos laboratorios, animalarios etc., que obrigatoriamente o requiran.
- Horario de calefacción:
 - ✓ Tramo da mañá: de 7.00 a 12.00 h
 - ✓ Tramo da tarde: de 15.00 a 19.00 h
 - ✓ Nos centros docentes que non teñan clase pola tarde, os sistemas de calefacción empregaranse só durante o tramo da mañá.
 - ✓ Os edificios administrativos só terán calefacción no tramo da mañá.
 - ✓ Non se autoriza o uso de calefacción fóra dos tramos sinalados, agás cunha autorización expresa da Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.
- Non se climatizarán os espazos de circulación e os vestíbulos dos edificios:
 - ✓ As conserxarías ou as empresas mantedoras encargaranse de anular os elementos de emisión de calor destes lugares.
- Durante as fins de semana (sábados e domingos) a calefacción permanecerá apagada.
- Con carácter xeral, reducirase a temperatura de impulsión da calefacción en 5 graos, excepto nos sitios que xa dispoñan de instalacións de baixa temperatura ou produción por medio de enerxía renovable. Quedan, por tanto, excluídas desta medida:

- ✓ Edificio de Ferro (xeotermia + aerotermia)
 - ✓ CINTECX (xeotermia)
 - ✓ CACTI (xeotermia + aerotermia)
 - ✓ Campus da Auga (xeotermia + aerotermia)
 - ✓ Biblioteca central de Ourense (aerotermia)
 - ✓ Biblioteca central de Vigo (xeotermia + aerotermia)
 - ✓ Biblioteca de Ciencias de Vigo (xeotermia)
 - ✓ ECIMAT (aerotermia)
 - ✓ Edificio Ernestina Otero (aerotermia)
 - ✓ Edificio Filomena Dato (aerotermia)
 - ✓ Facultades de Ciencias Sociais e da Comunicación + Ciencias da Educación e do Deporte (biomasa).
- A temperatura obxectivo de confort dos espazos interiores de ensino e traballo con calefacción será como máximo de 19 °C.
 - O aceso das instalacións de calefacción realizarase unicamente nos días en que a temperatura prevista para ese día en cada campus, conforme a previsión meteorolóxica de Meteogalicia, cumpra simultaneamente as seguintes condicións:
 - i) Temperatura máxima exterior igual ou inferior a 18 °C
 - ii) Temperatura mínima exterior igual ou inferior a 12 °C
 - Dada a maior oscilación térmica diaria que se experimenta no campus de Ourense, en devandito campus considerárase tamén día habilitado para a calefacción calquera día, dentro dos períodos establecidos, cunha temperatura mínima exterior igual ou inferior a 8°C.

Prohibición do uso de dispositivos de calefacción individuais eléctricos.

- O uso indiscriminado de calefactores individuais supón un gasto enerxético moi superior aos sistemas colectivos de calefacción, ao seren moito máis ineficientes e non estaren suxeitos a control.
- Con carácter xeral, queda prohibido utilizar calefactores individuais eléctricos co fin de evitar o elevado custo derivado do seu uso, ineficacia enerxética e risco de incendio.

Apagamento de computadores e de equipos, instrumentos e maquinaria cando non se utilicen.

- Os equipos informáticos, instrumentación científica e resto de equipamento de alimentación eléctrica deben apagarse fóra dos horarios de apertura dos edificios e en días festivos ou non laborables.

Estes equipos, aínda que non estean en uso, chegan a consumir o 15 % da enerxía que consomen no seu uso normal.

Quedan excluídos desta instrución os equipos e os computadores que requiran a súa conexión continuada por razóns docentes ou investigadoras.

Axuste da iluminación exterior

- Limitarase e regularase a intensidade da iluminación nas zonas de aparcadoiro nas horas centrais da noite (de 1.00 a 5.00 h).
- Limitarase e regularase a intensidade da iluminación nas zonas das pistas de tenis/fútbol nos períodos sen ocupación reservada.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS (EIXE DE ORGANIZACIÓN)

Xerais

- Continuarase coa medida de peches por motivos de aforro enerxético (Semana Santa e parte do mes de agosto), estudando a posibilidade de estendelo a algúns días do Nadal/fin de ano.
- Control do consumo
 - Ao longo do presente curso completarase a implantación dun sistema de monitorización de consumos e produción de enerxía de todos os edificios da universidade.
 - O devandito sistema permitirá un mellor seguimento destas e do resto das medidas de aforro que a Universidade de Vigo implantará progresivamente.
- Actividades ou eventos extraordinarios
 - No caso de utilización extraordinaria das dependencias universitarias analizarase o seu impacto no conxunto destas medidas.

Específicas para o servizo de limpeza

O persoal de limpeza intervén no 100 % das estancias dun edificio; por iso, a súa implicación resulta de grande importancia. Debido a isto, precísanse tomar tres accións correctoras:

- O acceso e o apagamento de cada estancia realizarase ao comezo e ao final do seu período de limpeza, evitando o exceso de iluminación.
- A ventilación da estancia con apertura de xanelas no inverno realizarase unicamente mentres dure a limpeza da estancia.
- A ventilación no verán promoverá a apertura do maior número de xanelas durante o período de limpeza do edificio, xa que favorece o arrefriamento do local.

COLABORACIÓN DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA (EIXE DE SENSIBILIZACIÓN)

Establécense unhas recomendacións para todos os usuarios e usuarias da UVigo, tendo en conta a importancia da súa contribución. A acción individual dos membros da comunidade universitaria resulta fundamental para reducir o consumo de enerxía na universidade. A suma de pequenos xestos pode supoñer unha gran diferenza neste sentido. Para iso recoméndanse seguir as seguintes:

- Apagar a luz e a climatización ao abandonar aulas, salas ou despachos, ou en xeral cando non vaia haber ninguén durante un tempo.
- Non manter enchufados aparellos que non se estean a usar (pantallas, cargadores, cafeteiras etc.).
- Non manter tapados por ningún moble os radiadores de calefacción.
- Prescindir do uso de calefactores individuais.
- Na primavera e no outono aproveitar adecuadamente as condicións do ambiente exterior para acondicionar o interior. Por exemplo, no verán ventilar á primeira hora e pechar as xanelas e baixar as proteccións solares antes de que empece a ir calor, ou no inverno reducir o tempo de ventilación e permitir a entrada do sol para potenciar o efecto invernadoiro, cando sexa posible.

- O termóstato de climatización, cando está dispoñible, debe axustarse a unha temperatura adecuada e indicada máis arriba.
- Utilizar preferentemente as escaleiras, en lugar dos ascensores, cando as condicións físicas o permitan.
- Comunicarlles ás conserxarías dos centros calquera uso inadecuado de enerxía que se observe ou calquera suxestión que poida contribuír a un mellor uso desta.

A Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade será a encargada de realizar o seguimento e a avaliación do Plan de aforro enerxético da Universidade de Vigo.

As instrucións incluídas no presente plan son susceptibles de revisión continua e modificaranse se a situación así o requirise. Crearase unha comisión formada por:

- ✓ Vicerreitor de Planificación
- ✓ Director técnico de obras
- ✓ Adxunto ao reitor para sustentabilidade
- ✓ 1 representante do PAS
- ✓ 1 representante do PDI
- ✓ 1 representante do estudantado
- ✓ 1 representante dos decanatos/direccións de cada ámbito por campus

- Informa sobre as medidas e o estado de **contratación de investigadores** pola Universidade de Vigo, expoñendo o panorama lexislativo recente, indicando que causou serios atrancos ás universidades, polo escaso tempo destinado a aplicala. O reitor pensa que a situación evolucionará favorablemente para as persoas traballadoras. Explica todas as actuacións levadas a cabo na nosa universidade para implementar as novas normas, en particular, a creación da Unidade de Contratación de Persoal Investigador (UCPI), abrindo tódalas posibilidades para os grupos de investigación, agás o contrato de formación, que se está a estudar actualmente. O resultado destes esforzos foi unha normativa propia, aprobada en Consello de Goberno o 9 de xuño pasado. Está pendente de diversas negociacións nas mesas. Agradece a implicación de tódalas persoas (servizos e investigadores). Continúa expoñendo as distintas convocatorias que saíron na Universidade (tres ata o momento) indicando os distintos problemas acaecidos. Agradece a colaboración do Consello Social no traspaso de partidas entre o capítulo VI e o capítulo I solicitada polo Servizo de Contabilidade. Está previsto o lanzamento do vindeiro concurso (que sería o cuarto). A mesa de traballo está a modificar a normativa. Remata cun resumo e conclusións onde destaca a importancia da UCPI, como encargada deste tipo de contratación. Pensa que a saída buscada foi áxil, dado que dous dos concursos sacados xa teñen resolución definitiva.

- Informa sobre a resolución dos proxectos TED (transformación ecolóxica dixital) que foi un éxito para a nosa Universidade, así como dous novos proxectos Horizon Europe.
- Acordo sobre o **Instituto Politécnico de Bragança**, que colaborará cun instituto de inmediata creación no Campus de Ourense, dirixido por David Fernández Calviño.
- Informa sobre as **novas titulacións de grao** (relación internacionais e intelixencia artificial) ambas no Campus de Ourense.
- Tamén informa sobre os **resultados provisorios de matrícula**, así como do futuro do mapa de titulacións e o plan de financiamento respecto das titulacións menos demandadas, que se está a traballar coa Secretaría Xeral de Universidades da Xunta. Comenta certas restricións de

financiamento que haberá de cara ao futuro en relación con materias por debaixo de certo umbral de alumnado (5 persoas matriculadas).

- Creáronse finalmente as **novas facultades** de Deseño, Dirección e Xestión Pública e Relacións Internacionais.
- Sobre o **Campus de Pontevedra**, o reitor informa da visita ao Concello da cidade e as situacións dos terreos de Tafisa (amosando fotos da súa ubicación) e do edificio da rúa Benito Corbal, así como da rehabilitación da carpintería exterior do Edificio de Belas Artes.
- En canto á **internacionalización**, o reitor sinala que a situación non é boa en xeral en Galicia, e na UVigo comezase co Grao en Dirección e Xestión Pública. Estase a consensuar un pedimento das tres universidades para ter prazas adicionais para o estudantado estranxeiro en titulacións non presenciais e con custos reais. Inicialmente, farase o esforzo de comunicación con varios mestrados e títulos propios
- Sobre **dobres graos e graos duais**, o reitor informa de que somos a universidade galega con menos dobres graos e queremos facer un esforzo na implantación dos mesmos. Tamén podemos pensar en novos dobres mestrados. Adicionalmente, os títulos que poidan incorporar unha mención dual serán benvidos.
- No que se refire aos **campus de especialización**, espera ter unha resposta á proposta de especialización de Ourense; a continuación, comezaranse os traballos para a acreditación do campus de especialización de Pontevedra.
- Sobre a **acreditación do Campus Auga de Ourense**, o reitor sinala que está preparado para a súa presentación. A documentación subiuse en xullo, despois de varias xuntanzas coa Secretaría Xeral de Universidades e co avaliador xefe. Espérase unha visita durante o mes de setembro ou de outubro. É consciente de que o traballo realizado mellorou moitísimo a memoria e quere agradecer o esforzo de todas as persoas participantes.
 - En canto á **planificación de infraestruturas**, o reitor resalta as prioridades:
 - Prioridade 0: Planta piloto e CACTI no edificio Campus Auga de Ourense.
 - Prioridade 1: Edificio para a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (Ourense). Levará aparelada a solución dentro do campus dos espazos docentes de Relacións Internacionais.
 - Prioridade 2: Unha vez clarexada a dispoñibilidade dos terreos da antiga TAFISA, programarase un edificio para dar acubillo as facultades de Deseño e de Dirección e Xestión Pública.
 - Prioridade 3: Edificio para Intelixencia Artificial.
 - Outros: Na ETEA poderase situar o Centro de Investigacións Mariñas, o Campus do Mar e a Escola de Posgrao. Estudarase se é posible levar a Facultade de Ciencias do Mar e os mestrados que solicitaron estar alí.
- En concreto, sobre a **planta piloto e o CACTI**, indica que, en canto estean listos, procederemos ao traslado dos equipamentos do CACTI situados no CTC, pagando un alugueiro. Na planta piloto situaranse os equipamentos xa existentes e os que se vaian adquirindo. Esperamos que sirva á docencia, pero tamén á investigación. Cara ao futuro, precisarase que os institutos dispoñan de certos espazos. A remodelación da planta piloto rematou nesta mesma semana, segundo se amosa nas fotos correspondentes.
- Fala do **futuro desenvolvemento do Campus de Ourense**, no que estase a traballar coas institucións ourensás para a cesión dunha parcela que permitiría comunicar ambas partes do campus, aínda que de momento non hai nada seguro.
- O reitor indica as infraestruturas que se presentarán ao **plan de financiamento 2023-2026**.

- En canto á **proposta galega do Nodo de Intelixencia Artificial**, a nosa proposta fíxose para a posible elección de Ourense, aproveitando o acordo co alcalde para propoñer La Molinera. É unha das tres propostas que hai enriba da mesa. Aínda non se sabe en que comunidade autónoma se vai a situar, nin os criterios, pero a proposta da UVigo está feita.
- **Sede da Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial**: A través do nodo de intelixencia artificial, Galicia vai postularse como sede da AESIA. No nodo participan as tres universidades galegas e tivemos a oportunidade de facer unha proposta. A UVigo propón a súa localización en La Molinera. A UdC, na cidade das TIC. A USC non propón nada, pero o concello propón o Edificio Fontán (no Gaiás). A axencia terá entre 50-100 traballadores/as inicialmente. Pensamos que Ourense cumpre todos os requisitos: Búscase un equilibrio territorial. A cidade está ben comunicada por AVE. Os prezos son razoables (vivenda e custo da vida). Academicamente é completa, con centros e titulacións relacionados. O edificio está xa construído e resulta axeitado. Terá o apoio da deputación, do concello e, por suposto, da universidade. O reitor pensa que tería mais forza se Galicia presentara unha candidatura única, e insistirá en que sexa Ourense, malia que en dependencia do que se decida nas reunións do Nodo ao respecto.
- Felicita a **Patricio Sánchez** e o seu equipo polos resultados do seu mestrado en Deporte.
- O **peche de verán** evitou a emisión á atmosfera de 53 toneladas de CO₂.
- A UVigo lidera un paquete de traballo dunha **misión satelital** xeoestacionaria para comunicacións cuánticas, dirixido por Marcos Curty.
- Presentación en público da **Cátedra de Idadismo**.
- O **Hackathon-Laboratorio de Ideas e Innovación** abordará os retos de sostibilidade do sector turístico en Galicia e norte de Portugal.
- **Cátedra Aldaba Wib**: Women, ICT & Business.
- **Desafíos do Océano**: miniserie documental do Campus do Mar sobre especies invasoras, plásticos mariños, erosión, acidificación oceánica e sostibilidade.
- Celebración do **Mentor's Day** (Fundación Mentor).
- O **PUM** reanuda as súas actividades a as estende aos concellos de Covelo e O Rosal.
- O **Pont-up Store**, listo para iniciar as actividades os día 23 e 24 de setembro.
- A UVigo participa nos **estudos da axenda urbana** no Concello de Vigo.
- Curso sobre **desenvolvemento turístico do rural** ourensán.
- A **Cátedra Feminismos 4.0** financia cinco proxectos de investigación no eido da cultura e da sociedade dixital en estudos de xénero.
- Éxito das **xornadas de benvida** nos tres campus.
- Afondamos nas relacións UVigo-área sanitaria de Ourense, de Verín e do Barco de Valdeorras.
- **Apertura conxunta do curso** das universidades públicas galegas.
- Empregaranse 12.000 euros para **promocionar o uso do galego** nos TFG, TFM e teses.
- **Obradoiros de emprego** nos tres campus.
- Participación na 32.^a **Conferencia da European Association for International Education**.
- Presenza da UVigo na celebración da **Ourense Mobile Week**.
- Mención de excelencia ao **master de matemática industrial** do profesor Durany.
- Comenta diversos premios obtidos polo alumnado.
- Charla en Pontevedra do ministro de consumo Alberto Garzón
- Celebración da **G.Night**.

- Participación en **Termatalia** de Ourense.
- Proxecto **Erasmus+Allure** (Herrique Costas e Fátima García).
- **Congreso internacional da Auga** a celebrar no Campus de Ourense (este ano na Facultade de Dereito).
- Parabéns a **Roberto Barcala** por un recoñecemento.
- **María Victoria Carbalalo Calero**, Premio da Cultura Galega.
- Novas convocatorias de incubación-empredemento.
- Convocada a terceira edición do **distintivo de igualdade**. Lembra os centros que xa acadaron esta distinción aos que felicita.
- **Xornada de Universidade Europea – Athina** en Oporto, da que forma parte a UVigo.
- **Premios a Carmen Sanromán e Isabel Pastoriza**.

José Montero Reguera comenta a cuestión sinalada polo reitor sobre o título de filoloxía aplicada, agradecendo as xestións do reitor e o seu apoio, manifestando a súa tranquilidade polo seu futuro, lembrando que comparte 90 créditos co Grao en Linguas Estranxeiras, polo que non debería haber preocupación. Rosa Pérez comenta que lle tranquiliza a postura do equipo de goberno e do seu decano, malia que teme a actitude negativa e reiterada da Xunta de Galicia ao respecto, e que continúa a existir, explicando todo o traballo e os esforzos que se fixeron na súa facultade sobre este asunto. O problema parécelle preocupante, de xeito lexítimo, de cara ao futuro.

José Carlos Álvarez Villamarín comenta que é a primeira vez que escoita falar publicamente sobre a Fundación Mentor, que preside o reitor, sen que haxa información no seu centro sobre as actividades da mesma. Pídelle que informe ao seu decano das actividades desta fundación para que á súa vez este informe a xunta da súa facultade. O reitor agradece este pedimento de maior transparencia e pensa que a información pode ser incluso mais extensa. Aclara a orixe do convenio de colaboración e que se puxo en marcha a comisión paritaria da que forma parte o decano da Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Lembra que se propuxo a participación do decano da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo. Pensa que é unha relación positiva para a UVigo.

Noelia Rivera comenta unha cuestión respecto do plan de modernización administrativa, que entende necesaria, aínda que lle preocupa como se vai levar a cabo. Menciona os cargos directivos nomeados e comenta que non entende por que se está a falar da contratación dunha empresa externa. Entende que neste proceso debe contarse co persoal que traballa nos servizos. O reitor comenta que se trata de acelerar o proceso, e que pode ser positivo contratar unha empresa de fóra. Noelia Rivera insiste que hai xa unha modernización en marcha relativa a SIGMA. O reitor comenta sobre a posible implantación de Hércules.

Jesús Hernández Sánchez comenta a situación do edificio de Belas Artes na cidade de Pontevedra, que forma parte de patrimonio e onde é difícil calquera intervención, aludindo a un proxecto de reubicación do mesmo no campus. Insiste na inadecuación do edificio actual e propón un cambio. O reitor indica que se falou na campaña deste asunto, cara á dotación de novos espazos no futuro edificio modular. Rexeita o antigo proxecto de “cidade das artes”, por entender que está fora da realidade actual.

Xoán Cebro insiste no encargo a unha empresa privada dos procedementos e o vincula coa RPT, entendendo que sería un novo erro, lembrando outros do pasado e aportando os argumentos que entende reforzan a súa postura, dado que se trataría dunha intervención privada no traballo público. Adianta tamén o asunto relativo á Escola de Posgrao en relación coa estrutura do PAS

que debería estar destinado ao mesmo. Comenta diversos problemas cos soportes informáticos que a Universidade contrata, sen ter en conta o persoal que os debe utilizar. Pensa que a RPT debe abarcar a toda a Universidade, non só ao PAS, tamén ao PDI. Insiste en que se pode abordar cos nosos medios, sen necesidade de recorrer a unha empresa privada. O reitor responde que se trata de actualizar os procedementos, o que ten un efecto indirecto na RPT. É un problema moi complexo e transversal con diversas implicacións. Toma nota das observacións e sinala que todo será negociado.

Juan Carlos Mejuto fai dúas reflexións: unha sobre internacionalización, dado que entende que os investigadores carecen de apoio dos servizos para certas cuestións importantes e pensa que habería que incluír un apartado específico sobre estes asuntos nas liñas futuras, dado a carga de traballo que supón. En segundo lugar, preocúpalle a enxeñaría agraria de Ourense, lembrando a aposta que tivo que facer sendo decano e as sinerxias establecidas con outras titulacións da súa facultade e comentando os custos que supón. Fala da proposta da Xunta de confluencia co Campus de Lugo, coa que non está moi de acordo, tal e como está a enfocarse actualmente. Pensa que a titulación encaixa no territorio ourensán. O reitor comenta que a internacionalización é unha aposta da Universidade española en xeral, mellorable na nosa, sobre a que se irá traballando. En canto á titulación de enxeñaría agraria pensa que a facultade está a traballar moi ben e que non haberá ningún problema, agardando que haxa concordancia entre oferta e demanda.

Alexo Breogán Riobóo comenta sobre a situación do persoal investigador da UVigo en canto aos seus dereitos laborais e compara a situación das outras Universidades do SUG coa da UVigo, na que pensa que houbo poucos avances. Cuestiona o eslogan de Universidade das persoas co que se presentou o reitor. Reclama dúas novas propostas concretas do recoñecemento deste persoal. O reitor comenta que nun claustro seguinte poderá incluírse un punto ao respecto e que, se o desexa, envíe á Secretaría Xeral o contido completo da súa intervención, se quere que conste en acta, segundo contempla o regulamento (Anexo).

Juan Carlos Surís entende que a mesa ten a potestade de limitar as intervencións e o tempo dispoñible nos temas a tratar e incluso o do informe do reitor e roga que a mesa teña en consideración aplicar este artigo.

3. Informe sobre a programación plurianual.

O reitor detalla as liñas da programación plurianual, comezando polos principios xerais para o mandato. Comenta as dez medidas mais importantes que se adoptarán: redución de docencia despois do permiso de maternidade; máximo de 240 horas de docencia; novo plan de apoio ao uso do galego; plan SUVI; oficina de diversidade; incremento de relacións coas empresas; funcionarización; nova RPT; estabilización e nova OPE; Athena-Universidade Europea. Aclara que é un plan a catro anos, expoñendo as distintas etapas nun cadro de cores. Para cada un dos eixos fai un repaso do cronograma: renovación de instalacións; actualización de aplicacións informáticas; sustentabilidade e enerxías renovables; investigación e persoal investigador así como medios e mellora da xestión, xunto coa transferencia; tamén en canto a PDI, ordenación académica e docencia; internacionalización (regulamentos, mobilidades, plurilingüismo, captación de talento e alumnado); estudantado, empregabilidade e alumni; remata cunha referencia ao Campus de Ourense e de Pontevedra.

4. Acordo, se procede, sobre a modificación do nome da Universidade de Vigo publicado na versión en castelán dos Estatutos no DOG.

O reitor pide o acordo por asentimento para que se proceda a solicitar ao DOG a modificación en castelán do nome “Universidad de Vigo” polo oficial “Universidade de Vigo”. Adrián Alonso sinala no chat: “É unha boa medida, unha boa decisión. Mais non deixa de ser un acto simbólico, de cara ao público. Na vida diaria da Universidade non escoitamos o galego en todos os ámbitos; aulas, bibliotecas, cafeterías, laboratorio, zonas de lecer, de xestión... Sería de maior interese que se cumpriran os Estatutos da universidade (onde se di que o galego é a lingua oficial da institución) de forma real. Non se lle exige ao persoal docente a utilización da lingua en aulas, non están concienciados nin formados. É un bo sitio polo que comezar. Se se quere tomar en serio isto, habería que promoverlo de forma real e non caendo en cuestións formais. Non é unha cuestión menor, a nosa lingua retrocede a pasos axigantados”. O reitor resalta o compromiso do equipo de goberno co galego. Iván Area da lectura a un texto dos Estatutos do ano 2010, que pensa ten incidencia tanto na programación plurianual e o uso do galego, sobre o servizo de normalización lingüística: “Para a progresiva consecución da normalización lingüística na docencia, na investigación e servizos universitarios, a universidade realizará a necesaria planificación e disporá dos medios precisos para crear, nun prazo máximo de 6 meses desde o día seguinte ao da publicación destes estatutos no Diario Oficial de Galicia, o Servizo de Normalización Lingüística. O director deste servizo deberá ter a titulación necesaria e será nomeado polo reitor”.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da normativa de creación da Escola de Posgrao da Universidade de Vigo e da correspondente proposta ao Consello de Goberno.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que explique o punto:

Exposición de motivos:

- Evolución do mapa de titulacións de Galicia coa irrupción de novos títulos de mestrado de carácter transversal e estratéxicos para a UVigo e estrutura académica para o seu desenvolvemento en todos os senso.
- Os organismos internacionais de acreditación outorgan gran importancia a estruturas organizativas internas de coordinación eficiente dos recursos de programas similares.
- Antecedentes: creación da Escola Internacional de Doutoramento e da Escola Aberta de Formación Permanente.

PROPOSTA:

- Creación da Escola de Posgrao (EP) da Universidade de Vigo.
- Definición de estratexias de titulación de mestrados oficiais.
- Coordinación dos procesos académicos e administrativos correspondentes.
- Difusión dos títulos encomendados á dita escola.
- Dentro do marco normativo, poderá encomendarse a organización da docencia e xestión a outros centros da universidade.

ÓRGANOS DE DIRECCIÓN da Escola de Posgrao:

- Director/a.
- Secretario/a.
- Comité de dirección:
- Director/a da escola (presidente).
- Vicerreitor/a con competencia nas titulacións de posgrao ou a persoa na que delegue.
- Secretario/a da escola.
- Coordinadores/as dos programas de mestrados adscritos á escola.
- A persoa responsable do Servizo de Posgrao ou a persoa na que delegue.
- A persoa responsable do Área de Calidade ou a persoa na que delegue.
- Unha representación do estudiantado dos títulos adscritos á escola que implicará, se é posible, un representante por ámbito de coñecemento.

INFRAESTRUTURAS E RECURSOS:

A Escola de Posgrao (EP) terá a súa sede inicial no edificio Ernestina Otero da Universidade de Vigo.

Coordinación coas facultades, escolas, así como outros órganos e servizos da UVigo, da utilización das aulas e dos espazos comúns máis adecuados para impartir os títulos.

PAS: estrutura pendente de definición pola Xerencia. Servizos comúns.

Noelia Rivera intervéñ para explicar as dúbidas sobre a necesidade da creación da Escola, sen opoñerse á mesma necesariamente, pero pensa que falta información. Detalla diversos aspectos da normativa sobre os que pensa hai preguntas sen responder, en concreto, que tipo de mestrados. Bota en falta unha memoria económica, así como un informe dos servizos académicos, que pensa non tiveron coñecemento previo desta normativa e que se debeu falar con eles. Pregunta polo informe da Asesoría Xurídica en canto ao nome da Escola, dado que podería haber unha confusión terminolóxica coa EIDO en particular. Pregunta se se valoraron outras opcións, dado que quizais podería incluírse na propia EIDO. Non entende o asunto de onde se impartirá a docencia. Pensa que o alumnado da Escola debería ter os mesmos dereitos que o resto da UVigo. Tamén fala dos órganos de dirección, en concreto, que non se inclúan os requisitos sobre a persoa que a dirixirá. Pensa que certas funcións non corresponden a un cargo académico, se non a unha área académica. Finaliza cunha nova referencia á confusión terminolóxica sobre o título da Escola e a ausencia de representación do PAS no comité. En canto ao punto 4 de representación do PAS queda demasiado aberto, na súa opinión, no texto proposto e advirte de certas posibles contradicións. Alude aos problemas que xa houbo na creación da Escola Aberta en canto ao traballo administrativo. Conclúe que a normativa non é axeitada. Propón que se cree un grupo de traballo para traer unha normativa que se axuste ás necesidades reais. Alfonso Lago responde que a normativa é a necesaria para iniciar a tramitación do centro, polo tanto, se trata dun paso preliminar. Señala que o mestrado de biofabricación será o primeiro en entrar na mesma. Sobre os nomes, aclara que hai varias exemplos de Universidades (Granada, Carlos III, etc...) que teñen Escola de doutoramento e Escola de posgrao, xunto cunha Escola de formación permanente. Comenta que se falou co Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao sobre a creación da Escola. Explica que no proceso de creación da Escola se desenvolverán negociacións sobre diversos aspectos dos que require explicación Noelia Rivera. Finalmente, está de acordo na equiparación en dereitos deste alumnado respecto ao resto da UVigo. Noelia Rivera, independentemente do que se faga noutras

Universidades, insiste na confusión terminolóxica sobre o nome e pregunta pola impartición de docencia en distintos centros e o futuro director do centro, no que debería intervir o alumnado e neste caso o nomea o reitor. Pregunta por que non se incorpora na EIDO. Ruth Davila pide a Noelia Rivera que aclare a súa pregunta sobre os dereitos do alumnado e esta explica que se centra sobre todo no lugar da impartición da docencia. Alfonso Lago non ve problema na cuestión.

Juan C. Surís entende que non hai suficiente información para adoptar unha posición. Lembra que o Claustro non é competente para a creación. Comparte as dúbidas de Noelia Rivera, e pon o acento nas contradicións que ve na normativa aportada, como os mestrados dos que podería encargarse a mesma. Desde o grupo de Nós Universidade pide mais información e a creación dun grupo de traballo.

Carlos Álvarez Villamarín intervén para afondar na posición de Juan C. Surís e pensa que a normativa está feita con apresuramento. Alfonso Lago explica a situación normativa respecto do procedemento, malia que Carlos Álvarez Villamarín insiste en que non se cumpre co artigo 50 dos Estatutos. O reitor explica as razóns que motivan a creación desta Escola, derivada da necesidade de captación de alumnado de posgrao, facendo referencia ao Estudo Galicia 2030. Recoñece que, escoitando as opinións vertidas comenta certas eivas que se aprecian na normativa. Lembra unha especie de bucle nos Estatutos respecto a creación de centros e seguiuuse o mesmo procedemento, pero acepta a creación dun grupo de traballo. O secretario xeral aclara o procedemento a seguir, dada a contradición presente nos Estatutos, posto que a aprobación deste tipo de normativa lle corresponde ao Claustro. Acepta a creación do grupo de traballo.

Juan Pardo, en representación da súa Escola, bota en falta as conversas e o debate previo cos centros sobre a filosofía do proxecto. Pensa que lle resulta difícil tomar posición coa información aportada e pide a posibilidade de que o documento se analice nos centros. Cre que fallou a forma de levar adiante este procedemento.

Coral del Río pensa que todas as persoas presentes comparten a preocupación por este tipo de estudos e non se opoñe, na representación do seu grupo Nós Universidade, a este tipo de centro. Pensa que a aprobación deste texto suporá problemas e pide que se retire.

Xoán Cebro comparte o que di Coral del Río e fala da estrutura de xestión de mestrados e doutoramento. Entende que o exemplo da Universidade de Granada amosa a importancia de ter un servizo de posgrao potente, con dezaseis postos e dotado de área económica. Solicita que se retire o punto da orde do día e se colabore cos servizos implicados.

Elena Alonso comenta a inxuedanza que lle transmite esta cuestión e as dúbidas que lle suxire, comezando pola exposición de motivos. Opina que o documento é confuso e leva a interpretacións erróneas, botando en falta a comunicación cos centros dos que falaba Juan Pardo, así como a representación dos centros no comité de dirección.

Breogán Riobóo comenta no chat: “Coincidindo coas palabras previas respecto ás dúbidas e diferentes eivas que suscita a normativa de creación desta Escola de Posgrao da Universidade de Vigo, respecto tanto ao fondo como a forma de proceder, quixera propor algo por unha cuestión de orde: Que para futuros puntos onde haxa que aprobar textos normativos, como sería o caso, se traslade a proposta previamente aos membros do Claustro concedendo un prazo temporal, previo á sesión, para a presentación de propostas de modificación do mesmo. Deste xeito, chegado ao debate do punto correspondente, todos poderíamos ter sobre a mesa os diferentes puntos de vista e sensibilidades con vistas a tomar unha decisión o máis axeitada posible para a UVigo”.

Carlos Álvarez Villamarín quere que conste que o seu voto negativo é porque se ve obrigado a facelo, malia que non está en contra dunha escola de posgrao. Tamén Ana Belén García. Coral

del Río quiere que conste que o reitor non retirou o punto. Carlos Mollinedo pide que se compute o quórum virtual.

Debátese brevemente o sentido da votación que será SI, NON ou ABSTENCIÓN. Procédese á votación

Votos a favor: 35

Votos en contra: 51

Abstencións: 21

Queda rexeitada a normativa.

6. Aprobación, se procede, do informe sobre a creación do Instituto Universitario de Física e Ciencias Aeroespaciais, para a súa elevación ao Consello de Goberno.

O reitor explica a proposta, no marco doutras xa presentadas, malia que esta é a mais adiantada. Belén Rubio comenta brevemente o esquema básico da proposta, sobre a cal houbo diversas alegacións que foron resoltas mediante acordo. Comenta as sinerxias co Campus de Ourense, en concreto, a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e os valores transversais da proposta.

Apróbase a proposta, cunha abstención e sen votos negativos.

7. Aprobación, se procede, do informe sobre o cambio de denominación da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que indica que se trata do primeiro trámite no procedemento do cambio de nome, aprobado pola Xunta de Facultade do Centro.

Apróbase coa abstención de María José Ríos Santomé

INTERRÓMPESE O CLAUSTRO ATA AS 16:00.

CONTÍNÚA A SESIÓN ÁS 16:00

Rebeca Díaz solicita no chat que conste en acta que abandona a sesión neste momento.

8. Debate sobre a bolsa de recoñecementos docentes e aprobación, se procede, dunha comisión de traballo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que expoña o punto.

Para o curso 2022/23 os datos da bolsa de horas foron os seguintes:

- Centros 9270
- Mestrado 2800
- Doutoramento 1450
- Campus de Excelencia 480
- Teito de horas 14000

Os recoñecementos docentes non poden ser estruturais, polo que a substitución do profesorado debe facerse a través dun contrato interino.

O custo máximo da bolsa (sen ter en conta as folguras dos departamentos):

- 14.000 horas
- 78 contratacións
- 16.399,56 € de custo anual a 1.279.165,68 €

Compoñentes: 100 puntos por título de grao + 50 p. por coordinación de grao interuniversitario asumida pola UVigo + 5 p. por estudante de novo acceso ao título de grao + 2 puntos por estudante de grao de intercambio + 1 punto/6 ECTS por estudante en prácticas curriculares + 0,5 puntos/6 ECTS por estudante en prácticas extracurriculares + 50 puntos por centro + 1 p. por estudante de novo acceso aos títulos de grao/máster do centro + 50 p. por acadar o selo de calidade Q da Universidade de Vigo + 50 puntos por centro para cada coordinador de captación + 1500 p. repartidos en base ao número de actividades de captación do curso anterior, certificadas pola vicerreitoría competente (Edugal, Xornada de Portas Abertas Virtual e proxectos STEMBach) + 500 p. repartidos entre os centros con taxa de ocupación media dos tres últimos cursos por debaixo do 90%

Evolución das bolsas por centros:

- Subida progresiva logo da pandemia, de 9060 horas ás 9365 de 2022/2023.
- Centros con maior peso:
 - O05: Facultade de Educación e de Traballo Social
 - P02: Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
 - V12: Escola de Enxeñaría Industrial

Bolsas de mestrados. Actividades recoñecidas:

- Coordinación de mestrado
- Organización docente
- Intercambio de estudantes
- Programas de prácticas
- Baremos análogos aos das bolsas de centros

Elementos de análise das bolsas de centros.

- Distribución de horas por actividade. Porcentaxes globais:
 - Organización docente: 38%
 - Coordinación de grao: 20%
 - Programas de prácticas: 16%
 - Xestión da calidade: 15%
 - Intercambio de estudantes: 6%
 - Captación de estudantes: 5%
- Distribución das horas por categorías do PDI:
 - As instrucións sempre foron de asignar horas entre o PDI permanente.
 - Algúns centros xustificaron a necesidade de involucrar a PDI temporal e persoal investigador.
 - V08: Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (58 % das horas a PDI-T)

- P02: Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (35 %)
- P05: Facultade de Fisioterapia (33%)
- P03: Escola de Enxeñaría Forestal (28%)
- P01: Facultade de Belas Artes (25%)
- Recontos de persoas con horas asignadas:
 - Porcentaxes sobre o total de cada sector do persoal docente e investigador:
 - 56,9 % do PDI-P
 - 15,9 % do PDI-T
 - 3,2 % do PI
- Asignacións reducidas:
 - O 15% das persoas que participan das bolsas de horas teñen asignadas menos de 2 horas.
 - O 30% teñen entre 2 e 5 horas.
 - O 55% teñen máis de 5 horas.

Elementos de análise da bolsa de mestrados

- Distribución das horas por categorías do PDI
 - A distribución garda practicamente as mesmas proporcións que nas bolsas de centros.
 - Maiores porcentaxes de PDI-T:
 - O05M190V01: Desafíos das cidades (77 %)
 - O01M142V01: Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental (65 %)
 - V01M128V11: Tradución para a comunicación internacional (63 %)
 - V08M042V01: Menores en situación de desprotección e conflito social (42%)
- Media de horas por persoa con horas asignadas en cada mestrado
 - A burbulla máis pequena indica 2,5 horas por persoa que participa na bolsa de horas.
 - A máis grande, 64 horas.

PUNTOS PARA O DEBATE SOBRE A MODIFICACIÓN:

Cómpre facer un redeseño do mecanismo das bolsas de centro e de mestrado?

- Mantelas como ata agora, administradas polas correspondentes direccións e comisións académicas?
- Definir un cadro de recoñecementos por actividade e asignación individual, como se fai cos cargos académicos e os coordinadores/as de título?
- Procurar solucións híbridas?
- Cómpre avanzar no estudo do custo equivalente das horas, precisando en que casos se requiren contratacións e en cales as horas asignadas quedan amortizadas por folgas?
- Paga a pena indagar no rendemento das horas para revisar baremos?

Proposta de comisión de traballo:

- vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións.
- director da Área de Docencia.
- 5 representantes de decanatos, direccións de centro, na procura, se é posible, de representatividade de todos os ámbitos, paridade e tamaño de centro.
- 3 representantes de coordinación de mestrado.
- 1 representante do Persoal de Administración e Servizos.
- 1 representante do Estudantado.

Noelia Rivera pregunta se os representantes teñen que ser membros do claustro. Alfonso Lago informa que non e que se abrirá un prazo para a presentación de candidaturas.

Apróbase a creación e composición da comisión.

9. Debate sobre o código ético e a normativa de convivencia así como aprobación, se procede, dunha comisión de traballo.

O reitor sinala que é unha obriga legal dispoñer dunha normativa de convivencia e que traballará neste asunto. Hai un acordo entres as tres universidades do SUG sobre a necesidade de dispoñer dun cadro de sancións común. O reitor indica quen formará a comisión de traballo, que empregará os documentos de traballo que se aportaron:

- reitor ou persoa en quen delegue
- secretario xeral
- inspectora de servizos
- directora da Unidade de Igualdade.
- directora da Unidade de Mediación
- valedora universitaria
- 5 PDI, 5 PAS e 5 alumnos.

María José Ríos pregunta sobre a forma de traballo da comisión e o reitor responde.

Preséntanse voluntarios:

José Carlos López Ardao (PDI-A)

Rosa Pérez Rodríguez (PDI-A)

Alberto Vaquero García (PDI-A)

Miguel Cuevas Alonso (PDI-A)

María José Ríos Santomé (PAS)

Mercedes Soto Gonzalez (PDI-A)

Eva Rodríguez Míguez (PDI-A)

Acórdase que as persoas voluntarias presentan a súa solicitude e ábrese un prazo de 15 días para a presentación doutras solicitudes.

Apróbanse por unanimidade a creación da comisión e a súa composición.

10. Informe sobre a transparencia na Universidade de Vigo correspondente ao ano 2021

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade, Maribel Doval para que expoña o informe, que foi achegado coa documentación o que fai dun xeito resumido, destacando a privilexiada posición da UVigo nos rankings de transparencia. O reitor aspira a acadar a primeira posición.

11. Elección dos membros da Comisión de traballo para o impulso ao Manual de Boas Prácticas:

O reitor informa de que se presentaron as seguintes candidaturas:

- Decanos(as) /directores(as) de centro (1 vacante):
 - Torres Romay, Emma . Ámbito Xurídico-social.
- PAS (1 vacante): non hai candidaturas
- Estudantes (5 vacantes):
 - Davila Rubio, Andrea. Ámbito Humanidades.
 - López Escobar, Juan José. Ámbito Tecnolóxico. PDI-B no Claustro.

Non é necesario celebrar eleccións

12. Elección dos membros da Comisión redactora do Regulamento de a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.

O reitor informa de que se presentaron as seguintes candidaturas:

- Estudantes (2 vacantes):
 - Davila Rubio, Andrea
- PAS (5 vacantes): non hai candidaturas; pero Noelia Rivera Vázquez presenta a súa candidatura e queda elixida

Non hai que celebrar eleccións.

13. Elección dos membros da Comisión Electoral:

O reitor informa de que se presentaron as seguintes candidaturas

- Estudantes (1 vacante): non hai candidaturas
- PAS (2 vacantes):
 - Martínez Martín, María José
 - Alberte Pivida, Rodrigo

Non é necesario celebrar eleccións.

14. Elección de membros da Comisión de Reclamacións: Catedráticos de Universidade (2 vacantes):

O reitor informa de que se presentaron dúas candidaturas:

- Caballero Rúa, Armando
- Cidrás Pidre, José

Non é preciso celebrar eleccións.

15. Elección de representantes nos Consellos de Campus:

- Pontevedra:
 - Estudantes (3 vacantes):
 - Coego Pérez, Marina
 - Davila Rubio, Andrea (presentou a súa candidatura pero non é claustal).

Non é necesario celebrar eleccións

- Ourense:
 - Estudantes (3 vacantes): non hai candidaturas. Preséntase Agustín Suárez Martínez.
 - PDI (3 vacantes):
 - Garrote Velasco, Gil. Ámbito científico.
 - Mociño González, María Isabel. Ámbito xurídico-social.
 - Siota Álvarez, Mónica. Ámbito xurídico-social.

Non é necesario celebrar eleccións

16. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións. Javier Hervés, representante do colectivo de axudantes doutores, pregunta polo asunto da promoción das persoas acreditadas que figuran nunha listaxe e se non será necesario esgotar os cinco anos de contrato. O reitor reitera os compromisos electorais ao respecto e cede a palabra ao vicerreitor, que indica que todo dependerá da masa salarial. En principio, non haberá que esgotar os cinco anos de contrato. Aclara así mesmo algunhas cuestións relativas aos trámites seguidos coa listaxe.

Breogán Riobóo fai unha proposta sobre os dereitos do persoal investigador doutoral e predoutoral, pensando que é necesario unha regulación ou un protocolo específico para xestionar a xestión das listas de agarda e a súa substitución cando as listas se esgotan mediante a incorporación de conferenciantes e invitados, de xeito que sexan procesos onde se garanta a igualdade o mérito e capacidade, por riba da liberdade de cátedra que ás veces se pode argumentar. Pensa que evitaría certas situacións conflitivas nos departamentos. O vicerreitor diferencia entre lista de agarda e conferenciantes e invitados, defendendo que se tentará diminuír o número destes últimos. O reitor ve mellor unha instrución.

Carlos Álvarez Villamarín comenta sobre o plan de infraestruturas que comentou o reitor e bota de menos un asunto sobre a competitividade á hora de buscar estudantes, pensando que falla a aposta polas residencias de estudantes, en comparación coas outras universidades do SUG, incluso por riba dos edificios proxectados para outros centros. O reitor sinala que se está a preparar unha enquisa para o Campus de Pontevedra a este respecto, dado que alí non hai residencia universitaria.

Manuel Valebona comenta o asunto dunha promoción interna do PAS cara á categoría A2, na que accederon 13 persoas, malia que non pasaron a postos da nova categoría, sen ver que se tomen medidas ao respecto. Parece que haberá un concurso no futuro inmediato, sen moitas expectativas, agás casos excepcionais. Pensa que teñen dereito por lei a postos superiores. O reitor indica que todo dependerá da reformulación da RPT e que non é tan sinxelo. Manuel

Valebona alude a que se trata dunha anomalía con cinco anos de retraso e que non se pode seguir así por mais tempo. Yolanda Lesmes, xerenta, contesta que na base da promoción interna negociada a mesma se realizaba no mesmo posto de traballo, o que non é alleo ao que se fai noutras administracións públicas. Outra cuestión é que se deba adaptar a RPT coa conseguinte reformulación dos postos. Entende que non hai unha memoria económica que implique outra dotación de postos destinados á categoría A2. De cara ao futuro haberá que valorar as opcións que ofrezca a masa salarial, en función de xubilacións, postos vacantes, etc... Comprende a situación, pero este tipo de problemas leva certo tempo arranxalos. Pide que se coñeza o contexto da negociación previa, pactada para postos que xa estaban dentro da categoría A2. Entende que a universidade non está actuando ilegalmente. A vicepresidenta Noelia Rivera intervéñ por alusións, para explicar a situación na que están desde decembro de 2020, explicando as particularidades da convocatoria en relación coa RPT, dado que seguen a ocupar postos C1. Yolanda Lesmes reitera o seu razoamento anterior, sobre a legalidade da negociación previa levada a cabo. Noelia Rivera expón a paradoxa de que este colectivo non pode concursar a outros postos do mesmo nivel, mentres que a universidade lle obriga a continuar no mesmo nivel. Yolanda Lesmes sinala que se debe á RPT vixente.

Álvaro López Mira sinala que certamente a cidade de Pontevedra pode necesitar unha residencia de estudantes, dado o incremento do coste da vida, e que xa houbo estudos no pasado, malia que non prosperaron. Agradece ao reitor que teña na cabeza o Campus de Pontevedra.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 17:12 h do día 7 de outubro de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral